# CINE NO CGAC

## NINGUÉN É PERFECTO?

CICLO DE CINE TRANSXÉNERO



CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

27 febreiro - 3 abril 2014

20:30 h / Auditorio do CGAC

Entrada gratuíta até completar as localidades

Xa é curioso que un dos gags máis famosos da historia da comedia americana e universal, quizais o mellor *punchline* nunca escrito, fose á conta dun dos maiores tabús do século XX: a transexualidade ou, simplemente, o travestismo. Soamente cando John Hurt protagoniza en 1975 *The Naked Civil Servant*, baseado na vida de Quentin Crisp, se abordou de modo aberto o travestismo fóra do armario. Aínda que quedou a resaca das *tías de Carlos* e durou moito a moda das *señoras Doubtfire*, das *tootsies* ou *deste tío é a miña avoa*.

Billy Wilder e I. A. L. Diamond non eran máis machistas nin reaccionarios que a súa contorna cando, en 1959, idearon aquel *tour de force* no barco do amor entre Joe E. Brown e Jack Lemmon. "Ninguén é perfecto", sentenciaba o popularmente coñecido como *Bocazas*. Ou si. Virginia Wolf atopou esa perfección estética, sensual, na polisexualidade do seu *Orlando*, dedicado á súa amante Vita Sackville-West. E Sally Potter, daquela cineasta da vangarda, atopou en Tilda Swinton a cómplice perfecta nesa alternancia de sexos no tempo. E a película foi a elixida do público na edición de 1993 de Cineuropa.

Como tamén, desde a pura mitoloxía, Bertrand Bonello —cineasta que merece un ciclo, cunha curiosidade e cunha sabedoría para indagar no sexo fóra da convención, coñecido aquí polo seu último filme, *L'Apollonide*— rescata a figura de Tiresias, o andróxino adiviño cego, e derívao cara a unha das súas fascinantes inmersións na paixón (tamén, claro, cega).

Neil Jordan escribiu e dirixiu, de maneira case concatenada, outras dúas paixóns cegas das máis poderosas do cinema de finais do século XX: unha foi *Mona Lisa*, a outra *The Criying Game*, con ese activista do IRA que o deixa todo por unha aprendiz de perruqueira tan necesitada de protección, tan icónica naquela secuencia de Jaye Davison: un espido, esta vez si, esixidísimo polo guión, que hoxe perdería o seu efecto catártico porque sería carne de castrador *spoiler*.

Anos máis tarde, Jordan demostraría a súa devoción transxenérica ao lle outorgar a Cillian Murphy o papel da súa vida en *Breakfast at Pluto*, última película relevante do irlandés como director. Pero aínda máis ca en Neil Jordan, a transexualidade é central na creatividade de João Paulo Rodrigues. E o seu *Morrer como un homem*, que triunfou en Cineuropa en 2011, é xa un fito de ruptura poética sen amaneiramentos.

Para reconvir a Wilder e a Diamond, e a súa idea da imperfección transexual, este ciclo atopa tamén a *Madame Satã*, do brasileiro Karim Ainouz, co actor Lázaro Ramos en clave de raíña, máis tropical ca isabelina. Máis ca raíña é princesa a nena en corpo de neno de *Ma vie en rose*, obra de cardinal tenrura de Alain Berliner, que gañou en 1997 o Globo de Ouro e que adiantou o xénero transxenérico en clave infantil (véxase *Pelo malo*).

E o rizo que riza o rizo (o do *pelo bo*) dámolo ofrecéndolles as dúas versións de *Víctor ou Vitoria*. Vostedes, todos, coñecemos o guión orixinal de Reinhold Schünzel en 1982, cando Blake Edwards nos ofreceu unha das súas últimas grandes comedias con Julie Andrews como muller que se fai pasar por cantante masculino que, pola súa vez, se fai pasar por dama. A película gañou o Óscar á mellor banda sonora, de Henry Mancini, e por primeira vez poderase ver o sensacional enredo de Edwards con todas as cancións subtituladas, xentileza do noso infatigable Dani Gascó.

Ya es curioso que uno de los gags más famosos de la historia de la comedia americana y universal, quizás el mejor *punchline* nunca escrito, fuese a costa de uno de los mayores tabúes del siglo XX: la transexualidad o, simplemente, el travestismo. Solamente cuando John Hurt protagoniza en 1975 *The Naked Civil Servant*, basado en la vida de Quentin Crisp, se abordó de modo abierto el travestismo fuera del armario. Aunque quedó la resaca de las *tías de Carlos* y aún duró mucho la moda de las *señoras Doubtfire*, de las *tootsies* o de *este tío es mi abuela*.

Billy Wilder e I. A. L. Diamond no eran más machistas ni reaccionarios que su entorno cuando en 1959 idearon aquel *tour de force* en el barco del amor entre Joe E. Brown y Jack Lemmon. "Nadie es perfecto", sentenciaba el popularmente conocido como *Bocazas*. O sí. Virginia Wolf halló esa perfección estética, sensual, en la polisexualidad de su *Orlando*, dedicado a su amante Vita Sackville-West. Y Sally Potter, cineasta de la vanguardia entonces, encontró en Tilda Swinton a la cómplice perfecta en ese turno de sexos en el tiempo. Y la película fue la elegida del público en la edición de 1993 de Cineuropa.

Como también, desde la pura mitología, Bertrand Bonello —cineasta que merece un ciclo, con una curiosidad y una sabiduría para indagar en el sexo fuera de la convención, conocido aquí por su último filme, *L'Apollonide*— rescata la figura de Tiresias, el andrógino adivino ciego, y lo deriva hacia una de sus fascinantes inmersiones en la pasión (también, claro, ciega).

Neil Jordan escribió y dirigió, de manera casi concatenada, otras dos pasiones ciegas de las más poderosas del cine de finales del siglo XX: una fue *Mona Lisa*, la otra, *The Criying Game*, con ese activista del IRA que lo deja todo por una aprendiz de peluquera tan necesitada de protección, tan icónica en aquella secuencia de Jaye Davison: un desnudo, esta vez sí, exigidísimo por el guión, que hoy perdería su efecto catártico porque sería carne de castrador *spoiler*.

Años más tarde, Jordan demostraría su devoción transgenérica otorgándole a Cillian Murphy el papel de su vida en *Breakfast at Pluto*, última película relevante del irlandés como director. Pero aún más que en Neil Jordan, la transexualidad es central en la creatividad de João Paulo Rodrigues. Y su *Morrer como un homem*, que triunfó en Cineuropa en 2011, es ya un hito de desgarro poético sin amaneramientos.

Para reconvenir a Wilder y a Diamond, y su idea de la imperfección transexual, este ciclo encuentra también a la *Madame Satã* del brasileño Karim Ainouz, con el actor Lázaro Ramos en clave de reina, más tropical que isabelina. Más que reina es princesa la niña en cuerpo de niño de *Ma vie en rose*, obra de cardinal ternura de Alain Berliner, que ganó en 1997 el Globo de Oro y adelantó el género transgenérico en clave infantil (véase *Pelo malo*).

Y el rizo que riza el rizo (el del *pelo bueno*) lo damos ofreciéndoles las dos versiones de *Víctor o Victoria*. Ustedes, todos, conocimos el guión original de Reinhold Schünzel en 1982, cuando Blake Edwards nos ofreció una de sus últimas grandes comedias con Julie Andrews como mujer que se hace pasar por cantante masculino que, a su vez, se hace pasar por dama. La película ganó el Oscar a la mejor banda sonora, de Henry Mancini, y por primera vez se podrá ver el sensacional enredo de Edwards con todas las canciones subtituladas, gentileza de nuestro infatigable Dani Gascó.

Pero é que o *Víctor ou Vitoria* hollywoodense non era senón un *remake* dun moi notable orixinal alemán de 1933, e coa súa proxección cumprimos unha das nosas ilusións e alén diso descubrímoslles outra sorpresa inédita neste ciclo tan dado a elas.

José Luis Losa

# PROGRAMA

27 DE FEBREIRO
***Orlando,*** 1992

Reino Unido | 93 min | Fantástico. Drama | Dirección: Sally Potter | Guión: Sally Potter (baseado na novela de Virginia Woolf) | Música: David Motion, Sally Potter | Fotografía: Alexei Rodionov | Intérpretes: Tilda Swinton, Billy Zane, Lothaire Bluteau, Quentin Crisp, John Wood, Charlotte Valanadrey, Heathcote Williams

Sinopse: A película comeza na época isabelina, pouco antes do falecemento da raíña Isabel I. No seu leito de morte, Isabel entrégalle a un nobre e andróxino mozo chamado Orlando unha grande extensión de terra e un castelo, xunto cunha xenerosa doazón monetaria, que lle dará coa promesa de "Non esvaecer. Non se murchar. Non envellecer". Orlando cumpre a súa promesa e, despois da súa morte, vive no castelo durante moitos séculos, durante os cales cultiva o seu interese pola poesía e pola arte. Logo viaxa a Constantinopla como embaixador británico en Turquía, pero case é asasinado nunha intriga diplomática. Porén, ao espertar á mañá seguinte decátase de algo aínda máis sorprendente: durante a noite converteuse en muller. Orlando, agora co corpo dunha muller, regresa ao seu castelo cunha vestimenta característica de Oriente Medio, tan só para descubrir que ten varios xuízos pendentes. As demandas están baseadas esencialmente no feito de considerar que Orlando desde o comezo sempre foi unha muller e, polo tanto, non ten dereito á terra ou a calquera das súas herdanzas reais. Os séculos posteriores son realmente fatigosos, os seus casos na corte, a súa mala sorte no amor e nas guerras...

28 DE FEBREIRO
***The Crying Game,*** 1992

Irlanda | 112 min | Drama | Dirección: Neil Jordan | Guión: Neil Jordan | Música: Anne Dudley | Fotografía: Ian Wilson | Intérpretes: Forest Whitaker, Miranda Richardson, Stephen Rea, Adrian Dunbar, Breffni McKenna, Joe Savino, Birdy Sweeney, Jaye Davidson

Sinopse: Fergus é un voluntario do IRA que toma parte no secuestro dun soldado británico, Jody. Durante a súa custodia, establece amizade co prisioneiro e remata prometéndolle que, no caso de que morra, irá buscar a súa noiva e asegurarase de que estea ben. Tras a morte de Jody, atropelado polos soldados que o ían rescatar, Fergus foxe a Londres e, disposto a cumprir a súa promesa, acode ao salón de peiteado onde traballa Dil, a noiva do soldado, que ademais é unha cantante ocasional en pubs.

Fergus traba amizade coa misteriosa e sensual Dil, da que se acaba namorando. Pero ela tamén ten un segredo e a historia dá un xiro inesperado cando este sae á luz.

6 DE MARZO
***Victor Victoria,*** 1982

Estados Unidos | 132 min | Dirección: Blake Edwards | Guión: Blake Edwards (a partir dunha idea de Hans Hoemburg) | Música: Henry Mancini | Fotografía: Dick Bush | Intérpretes: Julie Andrews, James Garner, Robert Preston, Lesley Ann Warren, Alex Karras, Peter Arne, John Rhys-Davies, Graham Stark, Herb Tanney, Michael Robbins

Sinopse: Vitoria (Julie Andrews) é unha cantante de ópera que non consegue traballo e que está sumida na pobreza no París de 1934. Camiña famenta polas rúas despois de que o cabaré no que traballaba fracasase estrepitosamente. Coa axuda dun veterano cantante homosexual (Robert Preston), disfrázase de home e adopta o nome de Víctor. Consegue traballo no cabaré como transformista ("unha muller que finxe ser un home que, pola súa vez, finxe ser unha muller") e ten cada vez maior éxito. Ninguén sospeita que realmente é unha muller, nin sequera un rico home de negocios estadounidense (James Garner), que se namora del... ou dela.

Pero es que el *Víctor o Victoria* hollywoodiense no era sino un *remake* de un muy notable original alemán de 1933, con cuya proyección cumplimos una de nuestras ilusiones y les descubrimos otra sorpresa inédita en este ciclo tan dado a ellas.

José Luis Losa

# PROGRAMA

27 DE FEBRERO
*Orlando*, 1992

Reino Unido | 93 min | Fantástico. Drama | Dirección: Sally Potter | Guión: Sally Potter (basado en la novela de Virginia Woolf) | Música: David Motion, Sally Potter | Fotografía: Alexei Rodionov | Intérpretes: Tilda Swinton, Billy Zane, Lothaire Bluteau, Quentin Crisp, John Wood, Charlotte Valanadrey, Heathcote Williams

Sinopsis: La película comienza en la época isabelina poco antes del fallecimiento de la reina Isabel I. En su lecho de muerte, Isabel entrega a un noble y andrógino joven llamado Orlando una gran extensión de tierra y un castillo, junto con una generosa donación monetaria que le dará con la promesa de "No desvanecer. No marchitarse. No envejecer". Orlando cumple su promesa y después de su muerte vive en el castillo durante muchos siglos, durante los cuales cultiva su interés por la poesía y el arte. Luego viaja a Constantinopla como embajador británico en Turquía, pero casi es asesinado en una intriga diplomática. Al despertar a la mañana siguiente, sin embargo, se entera de algo aún más sorprendente: durante la noche se ha convertido en mujer. Orlando, ahora con el cuerpo de una mujer, regresa a su castillo vistiendo atuendos característicos de Oriente Medio, tan solo para descubrir que tiene varios juicios pendientes. Las demandas están basadas esencialmente en el hecho de considerar que Orlando desde el comienzo siempre fue una mujer y, por lo tanto, no tiene derecho a la tierra o a cualquiera de sus herencias reales. Los siglos posteriores son realmente fatigosos, sus casos en la corte, su mala suerte en el amor y las guerras...

28 DE FEBRERO
*The Crying Game*, 1992

Irlanda | 112 min | Drama | Dirección: Neil Jordan | Guión: Neil Jordan | Música: Anne Dudley | Fotografía: Ian Wilson | Intérpretes: Forest Whitaker, Miranda Richardson, Stephen Rea, Adrian Dunbar, Breffni McKenna, Joe Savino, Birdy Sweeney, Jaye Davidson

Sinopsis: Fergus es un voluntario del IRA que toma parte en el secuestro de un soldado británico, Jody. Durante su custodia, traba amistad con el prisionero y termina prometiéndole que, en caso de que muera, irá a buscar a su novia y se asegurará de que esté bien. Tras la muerte de Jody, atropellado por los soldados que iban a rescatarlo, Fergus huye a Londres y, dispuesto a cumplir su promesa, acude a la peluquería donde trabaja Dil, la novia del soldado, que además es una cantante ocasional en pubs.

Fergus traba amistad con la misteriosa y sensual Dil, de la que se termina enamorando. Pero ella también tiene un secreto y la historia da un giro inesperado cuando este sale a la luz.

6 DE MARZO
*Victor Victoria*, 1982

Estados Unidos | 132 min | Dirección: Blake Edwards | Guión: Blake Edwards (a partir de una idea de Hans Hoemburg) | Música: Henry Mancini | Fotografía: Dick Bush | Intérpretes: Julie Andrews, James Garner, Robert Preston, Lesley Ann Warren, Alex Karras, Peter Arne, John Rhys-Davies, Graham Stark, Herb Tanney, Michael Robbins

Sinopsis: Victoria (Julie Andrews) es una cantante de ópera que no consigue trabajo y que está sumida en la pobreza en el París de 1934. Camina hambrienta por las calles después de que el cabaré en el que trabajaba haya fracasado estrepitosamente. Con la ayuda de un veterano cantante homosexual (Robert Preston) se disfraza de hombre y adopta el nombre de Víctor. Consigue trabajo en el cabaré como transformista ("una mujer que finge ser un hombre que, a su vez, finge ser una mujer") y tiene cada vez mayor éxito. Nadie sospecha que realmente es una mujer, ni siquiera un rico hombre de negocios estadounidense (James Garner), que se enamora de él... o de ella.

7 DE MARZO

***Viktor und Viktoria,* 1933**

Alemaña | 100 min | Dirección: Reinhold Schünzel | Guión: Reinhold Schünzel | Música: Franz Doelle | Fotografía: Konstantin Irmen-Tschet | Intérpretes: Renate Müller, Hermann Thimig, Hilde Hildebrand, Friedel Pisetta, Fritz Odemar, Aribert Wäscher, Anton Walbrook, Ernst Behmer, Georg Georgi, Goroll, Karl Harbacher, Trude Lehmann, Henrio Lorenzen, Herbert Paulmüller, Rudolf Platte

Sinopse: Suzane é unha cantante de cabaré frustrada porque non logra que a súa carreira arranque, no medio dunha Alemaña sumida nunha profunda crise. A súa sorte cambiará cando se faga pasar por un home que se disfraza de muller.

13 DE MARZO

***Breakfast on Pluto,* 2005**

Irlanda | 129 min | Drama. Comedia | Dirección: Neil Jordan | Guión: Neil Jordan & Patrick McCabe | Fotografía: Declan Quinn | Intérpretes: Cillian Murphy, Liam Neeson, Ruth Negga, Laurence Kinlan, Stephen Rea, Brendan Gleeson, Ian Hart, Gavin Friday, Conor McEvoy, Ruth McCabe, Steve Waddington, Eva Birthistle, Bryan Ferry

Sinopse: Na década dos sesenta, nunha vila preto da fronteira co Ulster, a nai de Patrick abandónao na casa do seu pai biolóxico (Liam Neeson). O pequeno Patrick vai crecendo coa súa familia adoptiva e cos seus amigos. O pai dun deles cóntalle a Patrick que a súa nai era a muller máis atractiva do lugar polo seu parecido coa actriz Mitzi Gaynor e revélalle que abandonou a vila para vivir en Londres. Un incidente deixa claro que a natureza de Patrick casa mal coa intolerancia da vila e este vese obrigado a marchar. Facendo autostop coñece un extravagante grupo de *glam rock* e inicia unha relación sentimental co seu cantante. A partir dese momento, Patrick vivirá unha serie de desventuras até chegar a Londres, onde comezará a busca da súa nai e onde desenvolve a súa transexualidade.

14 DE MARZO

***Morrer como um homem*, 2009**

Portugal | 133 min | Drama | Dirección: João Pedro Rodrigues | Guión: João Pedro Rodrigues, Rui Catalão | Fotografía: Rui Poças | Intérpretes: Fernando Santos, Alexander David, Gonçalo Ferreira de Almeida, Fernando Gomes, Jenni La Rue, Miguel Loureiro, Chandra Malatitch, André Murraças, Cindy Scrash

Sinopse: Unha noite escura, en plena guerra, un soldado mozo deserta. Tonia, toda unha estrela dos espectáculos de travestis en Lisboa, ve como os seus días de gloria se esvaecen ante a imbatible competencia das artistas máis novas. Mentres o seu novo noivo Rosário lle insiste para que se someta a unha operación de cambio de sexo, Tonia loita contra as súas crenzas relixiosas máis íntimas. Aínda que ceda aos desexos de Rosário de se converter en muller, sabe que ante Deus nunca poderá facelo. Canto ao seu fillo, a quen abandonou sendo un neno, acaba de desertar e vai na súa busca.

20 DE MARZO

**Madame Satã, 2002**

Brasil | 105 min | Drama | Dirección: Karim Aïnouz | Guión: Karim Aïnouz | Música: Marcos Suzano & Sacha Ambak | Fotografía: Walter Carvalho | Intérpretes: Lázaro Ramos, Marcelia Cartazo, Flavio Bauraqui, Felipe Marques, Emiliano Queiroz, Renata Sorrah, Gero Camilo

Sinopse: A película ten lugar nos anos trinta, en Río de Xaneiro, no bohemio barrio da Lapa, xusto cando João Francisco está a piques de conseguir o seu soño de se converter nunha grande estrela. João Francisco, un alto home negro —unha versión brasileira de Jean Genet—, un pícaro orgulloso con personalidade feminina, un gánster, prisioneiro convicto e pai adoptivo, pasa a maior parte da súa vida nas bohemias rúas de Río de Xaneiro. Ao longo dos seus 76 anos de vida —27 deles no cárcere—, João Francisco dos Santos enfrontouse constantemente aos estigmas de ser analfabeto, negro, pobre e homosexual. Cunha grande habilidade para poñerse na pel de diferentes personaxes, definiuse a si mesmo como fillo de Iansã e Ogum (deidades de orixe africana orixinalmente adoradas polos escravos) e fervente seguidor de Josephine Baker.

21 DE MARZO

***Tiresia*, 2003**

Francia | 115 min | Drama | Dirección: Bertrand Bonello | Guión: Bertrand Bonello, Luca Fazzi | Intérpretes: Laurent Lucas, Clara Choveaux,

7 DE MARZO

*Viktor und Viktoria*, 1933

Alemania | 100 min | Dirección: Reinhold Schünzel | Guión: Reinhold Schünzel | Música: Franz Doelle | Fotografía: Konstantin Irmen-Tschet | Intérpretes: Renate Müller, Hermann Thimig, Hilde Hildebrand, Friedel Pisetta, Fritz Odemar, Aribert Wäscher, Anton Walbrook, Ernst Behmer, Georg Georgi, Goroll, Karl Harbacher, Trude Lehmann, Henry Lorenzen, Herbert Paulmüller, Rudolf Platte

Sinopsis: Suzane es una cantante de cabaré frustrada porque no logra que su carrera arranque, en medio de una Alemania sumida en una profunda crisis. Su suerte cambiará cuando se haga pasar por un hombre que se disfraza de mujer.

13 DE MARZO

*Breakfast on Pluto*, 2005

Irlanda | 129 min | Drama. Comedia | Dirección: Neil Jordan | Guión: Neil Jordan & Patrick McCabe | Fotografía: Declan Quinn | Intérpretes: Cillian Murphy, Liam Neeson, Ruth Negga, Laurence Kinlan, Stephen Rea, Brendan Gleeson, Ian Hart, Gavin Friday, Conor McEvoy, Ruth McCabe, Steve Waddington, Eva Birthistle, Bryan Ferry

Sinopsis: En la década de los sesenta, en un pueblo cerca de la frontera con el Ulster, la madre de Patrick lo abandona en la casa de su padre biológico (Liam Neeson). El pequeño Patrick va creciendo con su familia adoptiva y sus amigos. El padre de uno de ellos le cuenta a Patrick que su madre era la mujer más atractiva del lugar por su parecido con la actriz Mitzi Gaynor y le revela que abandonó el pueblo para vivir en Londres. Un incidente deja claro que la naturaleza de Patrick casa mal con la intolerancia del pueblo y este se ve obligado a marcharse. Haciendo autoestop conoce a un extravagante grupo de *glam rock* con cuyo cantante inicia una relación sentimental. A partir de ese momento, Patrick vivirá una serie de desventuras hasta llegar a Londres, donde comenzará la búsqueda de su madre y donde desarrolla su transexualidad.

14 DE MARZO

*Morrer como um homem*, 2009

Portugal | 133 min | Drama | Dirección: João Pedro Rodrigues | Guión: João Pedro Rodrigues, Rui Catalão | Fotografía: Rui Poças | Intérpretes: Fernando Santos, Alexander David, Gonçalo Ferreira de Almeida, Fernando Gomes, Jenni La Rue, Miguel Loureiro, Chandra Malatitch, André Murraças, Cindy Scrash

Sinopsis: Una noche oscura, en plena guerra, un joven soldado deserta. Tonia, toda una estrella de los espectáculos de travestis en Lisboa, ve cómo sus días de gloria se desvanecen ante la imbatible competencia de las artistas más jóvenes. Mientras su joven novio Rosário la presiona para que se someta a una operación de cambio de sexo, Tonia lucha contra sus creencias religiosas más íntimas. Aunque ceda a los deseos de Rosário de convertirse en mujer, sabe que ante Dios nunca podrá hacerlo. En cuanto a su hijo, al que abandonó siendo un niño, acaba de desertar y va en su búsqueda.

20 DE MARZO

Madame Satã, 2002

Brasil | 105 min | Drama | Dirección: Karim Aïnouz | Guión: Karim Aïnouz | Música: Marcos Suzano & Sacha Ambak | Fotografía: Walter Carvalho | Intérpretes: Lázaro Ramos, Marcelia Cartazo, Flavio Bauraqui, Felipe Marques, Emiliano Queiroz, Renata Sorrah, Gero Camilo

Sinopsis: La película tiene lugar en los años treinta, en Río de Janeiro, en el bohemio barrio de Lapa, justo cuando João Francisco está a punto de conseguir su sueño de convertirse en una gran estrella. João Francisco, un alto hombre negro —una versión brasileña de Jean Genet—, un pícaro orgulloso con personalidad femenina, un gánster, prisionero convicto y padre adoptivo, pasa la mayor parte de su vida en las bohemias calles de Río de Janeiro. A lo largo de sus 76 años de vida —27 de ellos en la cárcel—, João Francisco dos Santos se enfrentó constantemente a los estigmas de ser analfabeto, negro, pobre y homosexual. Con una gran habilidad para ponerse en la piel de diferentes personajes, se definió a sí mismo como hijo de Yansá y Ogum (deidades de origen africano originalmente adoradas por los esclavos) y ferviente seguidor de Josephine Baker.

21 DE MARZO

*Tiresia*, 2003

Francia | 115 min | Drama | Dirección: Bertrand Bonello | Guión: Bertrand Bonello, Luca Fazzi | Intérpretes: Laurent Lucas, Clara Choveaux, Thiago

Thiago Telès, Célia Catalifo, Lou Castel, Alex Descas, Fred Ulysse, Stella, Marcelo Novais Teles, Olivier Torres, Isabelle Ungaro, Abel Nataf

Sinopse: Tiresia (Clara Choveaux) é un transexual brasileiro dunha beleza incrible que vive como inmigrante ilegal co seu irmán, Terranova (Laurent Lucas), nun suburbio de París. Terranova é un esteticista que observa a Tiresia coma se se tratase dunha rosa perfecta e acaba por secuestrala para apoderarse dela. Tiresia, ao non poder acceder á súa dose de hormonas diarias, vaise transformando aos poucos fronte aos ollos do seu raptor que, decepcionado, a deixa cega e que a abandona nun descampado. Alí atópaa Anna, que se fará cargo dela e que lle axudará a recuperarse.

27 DE MARZO
***Ma vie en rose*, 1997**

Bélxica | 88 min | Drama | Dirección: Alain Berliner | Guión: Alain Berliner, Chris Vander Stappen (a partir dunha idea de Chris Vander Stappen) | Música: Dominque Dalcan | Fotografía: Yves Cape | Intérpretes: George du Fresne, Michèle Laroque, Jean-Philippe Ecoffey, Hélène Vincent, Daniel Hanssens, Laurence Bibot, Jean-François Gallote, Caroline Baehr, Julien Riviere, Marie Bunel

Sinopse: Ludovic é un neno coa mentalidade dunha nena. Para el, nada é máis natural ca cambiar o seu xénero. Como persoa esperanzada e sensible, cre de verdade que un milagre vai suceder. El será unha rapaza, sen ningunha dúbida, e triunfará o seu amor cara a Jerôme, o seu compañeiro da escola e o fillo do xefe do seu pai. Inicialmente unha fonte de diversión, unha aldraxe comeza no seu suburbio cando os dous rapaces son descubertos ao finxiren estar casados. A familia comeza a ver con horror que o desexo de Ludovic de ser unha rapaza non é soamente unha fantasía infantil e intenta, sen éxito, facer que cambie de parecer. A situación convértese nun drama por mor das reaccións adversas dos veciños, amigos e profesores.

28 DE MARZO
***Boys don't Cry*, 1999**

Estados Unidos | 114 min | Drama | Dirección: Kimberly Peirce | Guión: Kimberly Peirce, Andy Bienen | Música: Nathan Larson | Fotografía: Jim Denault | Intérpretes: Hilary Swank, Chloë Sevigny, Peter Sarsgaard, Brendan Sexton III, Alicia Goranson, Alison Folland, Jeanetta Arnette, Rob Campbell, Matt McGrath, Cheyenne Rushing, Jerry Haynes

Baseada na historia real dun mozo transexual violado e asasinado o 31 de decembro de 1993, esta película narra un caso extraordinario de dobre vida, un complicado triángulo amoroso e un dos crimes de odio que máis conmocionaron a sociedade norteamericana na década dos noventa.

O mozo Brandon Teena (Hillary Swank) chega a Falls City, Nebraska, e conquista a pequena poboación rural: as mulleres adórano e case todos os que coñecen tan carismático forasteiro séntense atraídos pola súa cativadora inocencia. Pero o home máis solicitado de Falls City e o amigo máis leal que se poida imaxinar ten un segredo: non é a persoa que os seus veciños crían coñecer.

3 DE ABRIL
***The Naked Civil Servant,* 1975**

Estados Unidos | 77 min | Drama. Comedia | Dirección: Jack Gold | Guión: Philip Mackie (baseado na autobiografía de Quentin Crisp) | Música: Carl Davis | Fotografía: Mike Fash | Intérpretes: John Hurt, Liz Gebhardt, Patricia Hodge, Stanley Lebor, Katherine Schofield, Colin Higgins, John Rhys-Davies, Stephen Johnstone, Antonia Pemberton, Lloyd Lamble, Joan Ryan

Sinopse: Película biográfica sobre Quentin Crisp, un excéntrico escritor inglés, de humor fino e lacerante. Durante os anos trinta do século XX, Crisp desafiou as modas e as convencións sociais e mostrou abertamente o seu carácter efeminado e os seus costumes homosexuais. Aparecía en público vestido con roupas extravagantes de cores rechamantes e xestos esaxeradamente amaneirados, o que lle supuxo non poucos problemas coa súa familia, cos seus amigos e coas autoridades.

Telès, Célia Catalifo, Lou Castel, Alex Descas, Fred Ulysse, Stella, Marcelo Novais Teles, Olivier Torres, Isabelle Ungaro, Abel Nataf

Sinopsis: Tiresia (Clara Choveaux) es un transexual brasileño de una belleza increíble, que vive como inmigrante ilegal con su hermano, Terranova (Laurent Lucas), en un suburbio de París. Terranova es un esteticista que observa a Tiresia como si se tratara de una rosa perfecta y termina secuestrándola para adueñarse de ella. Tiresia, al no poder acceder a su dosis de hormonas diarias, se va transformando poco a poco frente a los ojos de su raptor que, decepcionado, la deja ciega y la abandona en un descampado. Allí la encuentra Anna, que se hará cargo de ella y la ayudará a recuperarse.

27 DE MARZO
*Ma vie en rose*, 1997

Bélgica | 88 min | Drama | Dirección: Alain Berliner | Guión: Alain Berliner, Chris Vander Stappen (a partir de una idea de Chris Vander Stappen) | Música: Dominque Dalcan | Fotografía: Yves Cape | Intérpretes: George du Fresne, Michèle Laroque, Jean-Philippe Ecoffey, Hélène Vincent, Daniel Hanssens, Laurence Bibot, Jean-François Gallote, Caroline Baehr, Julien Riviere, Marie Bunel

Sinopsis: Ludovic es un niño con la mentalidad de una niña. Para él, nada es más natural que cambiar su género. Como persona esperanzada y sensible, cree de verdad que un milagro va a suceder. Él será una muchacha, sin ninguna duda, y triunfará su amor hacia Jerôme, su compañero de la escuela y el hijo del jefe de su padre. Inicialmente una fuente de diversión, un ultraje comienza en su suburbio cuando los dos muchachos son descubiertos fingiendo estar casados. La familia comienza a ver con horror que el deseo de Ludovic de ser una muchacha no es solamente una fantasía infantil e intenta, sin éxito, hacer que cambie de parecer. La situación deviene en drama a causa de las reacciones adversas de vecinos amigos, y profesores.

28 DE MARZO
*Boys don't Cry*, 1999

Estados Unidos | 114 min | Drama | Dirección: Kimberly Peirce | Guión: Kimberly Peirce, Andy Bienen | Música: Nathan Larson | Fotografía: Jim Denault | Intérpretes: Hilary Swank, Chloë Sevigny, Peter Sarsgaard, Brendan Sexton III, Alicia Goranson, Alison Folland, Jeanetta Arnette, Rob Campbell, Matt McGrath, Cheyenne Rushing, Jerry Haynes

Basada en la historia real de un joven transexual violado y asesinado el 31 de diciembre de 1993, esta película narra un caso extraordinario de doble vida, un enrevesado triángulo amoroso y uno de los crímenes de odio que más conmocionaron a la sociedad norteamericana en la década de los noventa.

El joven Brandon Teena (Hillary Swank) llega a Falls City, Nebraska, y se mete en el bolsillo a la pequeña población rural: las mujeres lo adoran y casi todos los que conocen a tan carismático forastero se sienten atraídos por su cautivadora inocencia. Pero el hombre más solicitado de Falls City y el amigo más leal que pudiera imaginarse tiene un secreto: no es la persona que sus convecinos creían conocer.

3 DE ABRIL
*The Naked Civil Servant*, 1975

Estados Unidos | 77 min | Drama. Comedia | Dirección: Jack Gold | Guión: Philip Mackie (basado en la autobiografía de Quentin Crisp) | Música: Carl Davis | Fotografía: Mike Fash | Intérpretes: John Hurt, Liz Gebhardt, Patricia Hodge, Stanley Lebor, Katherine Schofield, Colin Higgins, John Rhys-Davies, Stephen Johnstone, Antonia Pemberton, Lloyd Lamble, Joan Ryan

Sinopsis: Película biográfica sobre Quentin Crisp, un excéntrico escritor inglés, de humor fino y lacerante. Durante los años treinta del siglo XX, Crisp desafió las modas y las convenciones sociales mostrando abiertamente su carácter afeminado y sus costumbres homosexuales. Aparecía en público vestido con ropas extravagantes de colores chillones y gestos exageradamente amanerados, lo cual le granjeó no pocos problemas con su familia, con sus amigos y con las autoridades.

CGAC
SERVIZO DE ACTIVIDADES E PROXECTOS EDUCATIVOS
Rúa Ramón del Valle Inclán 2, 15703 Santiago de Compostela
Tel.: 981 546 631 / cgac.pedagogia@xunta.es
www.cgac.org
www.facebook.com/CGACSantiago
twitter @cgac_santiago

XUNTA DE GALICIA
galicia